

INFORME DOS SERVIZOS XURÍDICOS SOBRE A PROPOSICIÓN DE LEI, DE INICIATIVA POPULAR, PARA O RECOÑECIMENTO E PROTECCIÓN DAS ACTIVIDADES PESQUEIRAS E MARISQUEIRAS

Requíreselles aos Servizos Xurídicos para que emitan informe verbo de se a Proposición de lei, de iniciativa popular, para o recoñecemento e protección das actividades pesqueiras e marisqueiras (doc. R.E. núm. 55197, do 7 de xullo de 2023), cumpre os requisitos materiais e formais legalmente esixidos para ser admitida a trámite e, en concreto, o disposto na Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

A proposición de lei ten por obxecto declarar de interese xeral as actividades de pesca, marisqueo e acuicultura de bivalvos realizadas no ámbito xeográfico competencial da Xunta de Galicia (sic).

Tendo en conta que:

- a) A súa regulación afecta á materia de pesca, marisqueo e acuicultura verbo da que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva (art. 27.15 do EAG), pero non ao desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía de Galicia nin ao réxime xurídico tributario e orzamentario (art. 3 da Lei 7/2015).
- b) O escrito de solicitude de admisión da proposición de lei de iniciativa popular preséntase por un número de persoas superior ao legalmente esixido (art. 4 c) da Lei 7/2015), que constitúen a comisión promotora, que figuran identificadas polos seus nomes, apelidos e enderezo.
- c) A solicitude vai acompañada dunha exposición de razóns que aconselle a aprobación da proposición de lei [art. 4 b) da Lei 7/2015].
- d) Achégase unha declaración escrita por parte das persoas que integran a comisión promotora, coa súa sinatura persoal, así como de non estaren incursas nas causas de inelixibilidade ou incompatibilidade aplicables nas eleccións ao Parlamento de Galicia, é dicir, as previstas nos artigos 4 e 6 da Lei autonómica 8/1985, do 13 de agosto (art. 5 da Lei 7/2015).
- e) Achéganse as certificacións das correspondentes delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral acreditativas da veciñanza administrativa e inscrición no censo electoral da Comunidade Autónoma de Galicia das persoas promotoras (art. 5 da Lei 7/2015).

Logo de examinado o expediente e dado que se reúnen os requisitos mínimos materiais e formais esixidos na citada lei, emítense un **INFORME FAVORABLE** á súa admisión a trámite.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2023

Polos Servizos Xurídicos



PARLAMENTO
DE GALICIA
SERVIZOS XURÍDICOS